

Día a día con diabetes

Ciclos: 1º, 2º e 3º

Tema: Os aniversarios

PROFESOR

ALUMNOS

1/2



www.fundaciondiabetes.org

No ámbito escolar está moi estendido o costume de celebrar os aniversarios obsequiando o resto de compañeiros con caramelos de goma e outras lambetadas.

É agradable ver como, durante a repartición, o neno ou nena que os cumpre está pletórico e se sente protagonista. Non obstante, na miña opinión, ese acto orixinariamente positivo tende a contaminarse e a converterse nunha fonte de conflitos e de mala práctica educativa.

Ás veces, iníciase unha espiral de competitividade, polo que o obxectivo pasa a ser superar en cantidade e/ou calidade o que levou o anterior homenaxeado. Así, o titor (ou, en ocasións, o Claustro) vese na obriga de establecer certas regras. Algúns optan por intentar disuadir os alumnos, por prohibir ou acoutar o que se pode levar á clase para repartir.

O neno con diabetes ten un inconveniente engadido: xeralmente aquilo que levan os seus compañeiros e compañeiras á clase son doces ou outros produtos que teñen unha achega excesiva de hidratos de carbono e, polo tanto, debe limitar a súa inxestión ou inxectar máis insulina, calculando o suplemento necesario (cosa que é difícil mesmo para os mellor formados en educación diabetolóxica).

Con bastante frecuencia iso supón para o neno un malestar, xa que evidencia de xeito radical a diferenza cos seus iguais e fomenta un sentimento de inadecuación.

Quizais sería conveniente xerar unha cultura común de centro que facilite a xestión destas situacións. Polo tanto, o Claustro é quen debería abordar o tema.

Día a día con diabetes

Ciclos: 1º, 2º e 3º

Tema: Os aniversarios

PROFESOR

ALUMNOS

2/2



www.fundaciondiabetes.org

En todo caso, se na túa aula hai un neno con diabetes, facilitaríalle moito que se regulase o que se pode levar e que todos os alumnos que queiran festexar o seu aniversario cos demais leven sempre o mesmo.

Ese podería constituír un dos temas para abordar cos pais na reunión de principio de curso.

Ao neno ou nena con diabetes iso permitiríalle programar as accións que debe realizar nestas ocasións.

NOTA

Para traballar cos alumnos incorpóranse dous textos:

- O primeiro aborda o tema dos aniversarios dende a competitividade que se pode xerar.
- O segundo dende un exercicio de empatía co neno con diabetes.